

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO XVII PREMIO ÁS MULLERES “DNA. MARUJA GUTIÉRREZ” 2023 DO CONCELLO DE LALÍN

O Concello de Lalín, con motivo do 8 de Marzo Día Internacional das Mulleres, convoca o **XVII Premio ás Mulleres “Dna. Maruja Gutiérrez” 2023**, dacordo coas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 24 de xaneiro de 2023.

O Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade establece no artigo primeiro o compromiso da Comunidade Autónoma de Galicia na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade e atribúelle a maior efectividade posible, no seu eido de competencias, ao principio constitucional de igualdade de oportunidades entre as persoas de ambos os sexos, de conformidade coas obrigas impostas aos poderes públicos de Galicia no artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, entre as que figura a de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade da persoa e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, así como remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

Nesta actuación recoñécese o ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, como o idóneo para o desenvolvemento de accións tendentes a garantir a igualdade entre mulleres e homes, a prevención e a erradicación da violencia de xénero, así como para o establecemento das condicións que posibiliten a participación das mulleres na vida política, económica, cultural e social.

O Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, na disposición final primeira modifica a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e xustifica como competencia propia municipal, engadindo o parágrafo o) ao apartado 2 do artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, coa seguinte redacción: «o) Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.»

A Concellería de Igualdade do Concello de Lalín ten pois entre os seus obxectivos contribuír á realización efectiva do principio de igualdade entre mulleres e homes.

Igualdade

Tendo en conta o exposto anteriormente e ao amparo da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; do R.D. Lexislativo 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións; da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; da Lei 7/1985, Reguladora de Bases de Réxime Local; do R.D. Lexislativo 781/1986 polo que se aproba o Texto Refundido de Réxime Local; do R.D. Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido de Facendas Locais; do R.D 500/1990 polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos; das Bases de execución do orzamento 2023 do Concello de Lalín e respectando o establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, o Concello de Lalín, a través das Concellerías de Igualdade e Comercio, convoca o **XVII Premio ás Mulleres “Dna. Maruja Gutiérrez”**, para visibilizar e distinguir a profesionalidade, a capacidade de iniciativa empresarial e a traxectoria persoal e social das mulleres lalinenses no 2023. De acordo coas seguintes:

BASES

As presentes bases teñen por obxecto a concesión do **XVII Premio ás Mulleres “Dna. Maruja Gutiérrez” 2023 do Concello de Lalín**.

As Concellerías de Igualdade e Comercio do Concello de Lalín, con motivo do 8 de Marzo Día Internacional das Mulleres, convocan este premio para visibilizar e distinguir a profesionalidade, a capacidade de iniciativa empresarial e a traxectoria persoal e social das mulleres lalinenses no 2023.

Este premio nace coa finalidade de difundir as achegas das mulleres á sociedade, promovendo a transformación de estereotipos sexistas e rachando coas situacións de discriminación por razón de xénero, así coma para estimular e recoñecer o esforzo e a traxectoria de mulleres que están desenvolvendo unha labor importante e relevante no ámbito da igualdade de oportunidades, para que sirva de exemplo para toda a sociedade e referente para as novas xeracións de mulleres.

As bases estarán a disposición das persoas interesadas na Oficina de Igualdade e na web www.lalin.gal

Primeira.- Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que será a que lle de traslado do seu extracto ao BOPPO.

O prazo de presentación de candidaturas empezará ao día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO e rematará o **22 de febreiro de 2023**, poderán ser presentadas pola propia interesada ou a instancia de terceiros: particulares, asociacións empresariais, comerciais, culturais, de mulleres, sindicatos...

Segunda.- Poderán optar ao premio:

- **Empresarias** (titular, promotora e/ou socia principal), con independencia da forma xurídica da súa empresa e con domicilio social en Lalín.
- **Mulleres ou Asociacións/Colectivos** que destaquen pola súa traxectoria tanto profesional, coma persoal ou no eido social.

Terceira.- O Xurado outorgará tres premios repartidos nas seguintes categorías:

- **Xove empresaria** (idade máxima da empresaria 35 anos ou que a creación da empresa non supere os 3 anos de antigüidade)
- **Traxectoria “toda unha vida”.**
- **Mulleres en movemento**, para mulleres ou asociacións/colectivos de mulleres que destaquen pola súa traxectoria profesional, persoal ou social e que traballan polo avance en igualdade.

Cuarta.- Os criterios de valoración para elixir ás premiadas serán os seguintes, e serán valorados cada un deles cun punto, ata un máximo de 15 puntos:

- Labor social.
- Iniciativa emprendedora.
- Creatividade e/ou idea innovadora.
- Nivel de consolidación da empresa ou asociación.
- Fomento do desenvolvemento local.
- Contribución á incorporación das mulleres ao mundo laboral.
- Contribución ao coñecemento e á cultura.
- Promoción da igualdade de oportunidades.
- Promoción dos procesos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
- Promoción e creación de emprego nos novos xacementos de emprego.
- Inversión en I+D.



Igualdade

- Dedicación.
- Traxectoria profesional.
- Outros...

Quinta.- As interesadas en optar a este galardón ou aquelas persoas e institucións interesadas en propoñer a algunha candidata, deberán remitir as candidaturas ata o día 22 de febreiro de 2023 ao **Rexistro Xeral do Concello de Lalín**, tamén poderán enviarse por correo electrónico a igualdade@lalin.gal, indicando no asunto XVII Premio ás Mulleres “Dna. Maruja Gutiérrez”.

As candidaturas presentadas deberán achegar a ficha que se xunta como Anexo I e proporcionar datos suficientes que permitan recoñecer á candidata, así como un breve currículo e/ou historia de vida, e as razóns polas que considera que é merecedora deste premio.

Sexta.- As candidaturas serán valoradas por un xurado nomeado ao efecto, que estará formado por concelleiros, concelleiras e persoal técnico de diferentes áreas municipais e por representantes do tecido asociativo e empresarial de Lalín, presidido pola Concelleira de Igualdade, ou a persoa en quen delegue, e cuxa secretaría será desempeñada pola Axente de Igualdade.

O xurado seleccionará as candidatas que considere merecedoras dos premios nas diferentes categorías, atendendo aos criterios de valoración recollidos na base cuarta, así mesmo poderá solicitar información complementaria sobre as finalistas durante o proceso de deliberación.

O fallo do xurado recollerase nun acta e será levado á Xunta de Goberno Local para a aprobación definitiva da concesión dos premios, que se fará público na web do Concello de Lalín www.lalin.gal

A composición do xurado será a seguinte, ou persoas en quen deleguen:

Presidencia: Concelleira de Igualdade

Vogais: Concelleira de Comercio

Concelleira de Política Social

Concelleiro de Emprego

Representante do grupo municipal CxG

Representante do grupo municipal PSOE

Axente de Igualdade

Psicóloga do CIM
Técnica de Emprego
Representante da AED

Secretaría: Axente de Igualdade

Sétima.- Os premios outorgaranse en especie e consistirán nunha peza orixinal realizada especificamente para este galardón.

O importe total dos premios será de 417,45 € (139,15 € cada premio) con cargo á aplicación orzamentaria 0/2312/48100.

Os premios poderán ser declarados desertos se a xuízo do Xurado as propostas presentadas non reúnen méritos suficientes ou non se axustan ás condicións establecidas na convocatoria.

A entrega de premios terá lugar en marzo de 2023 durante a celebración dun acto público, ao que deberán asistir, se é posible, as persoas gañadoras que serán avisadas con antelación.

Oitava: As persoas premiadas deberán acompañar declaración responsable do cumprimento dos requisitos previstos nos artigos 13.1 e 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (conforme ao Anexo II publicado na web www.lalin.gal). Sen esa declaración non poderán ser beneficiarias dos premios.

Novena: Cada participante, polo mero feito de participar, acepta estas bases, así como a divulgación dos méritos a través dos medios de comunicación e redes sociais. Calquera outra circunstancia non prevista nas mesmas será resolta polo xurado, e as súas decisións serán inapelables.

Décima.- A non aceptación ou incumprimento dalgunha destas bases supón a renuncia ao citado galardón.

Lalín, a 24 de xaneiro de 2023

*A Concelleira delegada de Igualdade, Begoña Blanco Blanco
(Asinado dixitalmente á marxe)*

ANEXO I

FICHA DE CANDIDATURA AO XVII PREMIO ÁS MULLERES “DNA. MARUJA GUTIÉRREZ” 2023

Si ten interese en propoñer unha **candidatura ao XVII Premio ás Mulleres “Dna. Maruja Gutiérrez” 2023**, encha esta ficha e fágaa chegar ao **Rexistro Xeral do Concello de Lalín**, Praza de Galicia, nº 1, ou por correo electrónico a igualdade@lalin.gal ata o día **22 de febreiro de 2023**.

PERSOA / COLECTIVO QUE PRESENTA A PROPOSTA:

NOME E APELIDOS DA CANDIDATA QUE SE PROPÓN:

CATEGORÍA Á QUE SE PRESENTA:

- **Xove empresaria** (idade máxima da empresaria 35 anos ou que a creación da empresa non supere os 3 anos de antigüidade)
- **Traxectoria “toda unha vida”**
- **Mulleres en movemento** para mulleres ou asociacións/colectivos de mulleres que destaquen pola súa traxectoria profesional, persoal ou social e que traballan polo avance en igualdade.

DATOS DA CANDIDATA/ EMPRESA / ASOCIACIÓN:

Nome: _____ **DNI:** _____

Empresa: _____ **CIF:** _____

Enderezo: _____

Teléfono: _____

Correo electrónico: _____

Cargo que ocupa: _____

Ano de fundación: _____

Páxina web: _____

Outros: _____

6

Igualdade

RAZÓNS QUE AO SEU XUÍZO FAN MERECEDORA DO XVII PREMIO ÁS MULLERES “DNA. MARUJA GUTIÉRREZ” 2023 Á CANDIDATA, E BREVE CURRÍCULO OU HISTORIA DE VIDA:

Nota: Engada a esta ficha, información mais detallada que recolla o currículo ou historia de vida da candidata

MARQUE DOS SEGUINTES ASPECTOS, AQUELES QUE ESTIME QUE O XURADO PODERÍA VALORAR DESTA SOLICITUDE:

- Labor social
- Iniciativa emprendedora
- Creatividade e/ou idea innovadora
- Nivel de consolidación da empresa ou asociación
- Fomento do desenvolvemento local
- Contribución á incorporación das mulleres ao mundo laboral
- Contribución ao coñecemento e á cultura
- Promoción da igualdade de oportunidades
- Promoción dos procesos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral
- Promoción e creación de emprego nos novos xacementos de emprego
- Inversión en I+D
- Dedicación
- Traxectoria profesional
- Outros...

En virtude da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite voluntariamente a través do presente formulario e, no seu caso, a documentación anexa, serán tratados baixo a protección e as especificacións contidas na citada Lei.

Máis información: Oficina de Igualdade do Concello de Lalín Praza de Galicia, nº 1
Tfnos.- 986 78 70 60 - 986 18 10 45 igualdade@lalin.gal

